

FAME

En *Lo que el viento se llevó*, Escarlata O'Hara berraba aquilo de "*Xuro que nunca volverei pasar fame*", unha das frases máis célebres do cine que aproveitan as Redes Escarlata para titular á súa primeira obra colectiva. Así, *Xuro que nunca volverei pasar fame*, recolle os versos de vinte e catro poetas -desde os máis consagrados como Chus Pato, Darío Xohán Cabana ou Méndez Ferrín ás novas voces de Alberte Momán, Carme Carballo ou Luz Fandiño-, integrantes deste grupo heteroxéneo nacido para actuar contra a uniformidade. Son textos de moi diversa fasquía que dotan ó libro do "poder da amálgama, da sorpresa e do contraste da colaxe", como afirma Antón Figuerola no prólogo.

Tempos Novos, 77, outubro 2003, p. 79